


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

1-2 de maio do 2021

V DOMINGO DO TEMPO DE PASCUA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *A Cristo cantamos*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para celebrar a quinta semana da Pascua en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Os Feitos dos Apóstolos, na primeira lectura, móstrannos o comezo da Igrexa que nós formamos 21 séculos despois e nos di que crecía coma un edificio, pouco a pouco.

Xesús, no Evanxeo, ponnos o exemplo da videira, que é El, e o Pai é o labrador, e nós somos os bacelos, as ramas que temos que estar unidos á vide (a cepa) para dar froito.

O tema da nosa celebración é PASCUA NA AUGA VIVA porque queremos formar parte desa videira e dese edificio. A videira e o edificio precisan da AUGA para poder medrar.

Prendemos agora en Cristo a nosa fe, porque sabemos que El nos axuda a fartar as nosas sedes de vida.

(pode acenderse a veliña da Pascua)

🎵 *A Cristo cantamos na luz*

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Neste tempo de Pascua, coa Luz de Xesús Resucitado, non esquezamos a súa presenza no medio de nós e deixemos que nos farte a sede de vida como facía cos discípulos e ilumine o noso camiñar nas dificultades que se presentan cada día e sobre todo coa pandemia.*

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

Señor Xesús, ti es a nosa CEPA, a nosa VIDE, que a túa AUGA nos limpe e nos dea vida, que nos alente na responsabilidade á hora de sermos homes e mulleres coidadosos coa terra, que manteñamos a esperanza cada día, sentindo que a AUGA que Ti nos dás convértese en fonte que non se esgota e que chega á vida eterna.

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que non teñen auga nin pan e están necesitados de esperanza, a todos nos conceda a súa luz e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Esta oración xunta as nosas intencións para pedirlle ao Pai que nos axude a cumprir cos nosos compromisos adquiridos na auga do bautismo **(silenzo)**

Celebrante:

Deus de misericordia, concédenos vivir cada día con maior plenitude o misterio pascual. Ti que nos chamaches a unha vida nova pola AUGA do bautismo, fai que coa túa axuda a nosa vida sexa fecunda para o mundo e para a nosa eterna felicidade. Pedímoscho por Xesucristo noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

San Paulo preséntase ante os Apóstolos en Xerusalén e lles explica como se lle apareceu Xesús e como a igrexa vai medrando coa súa testemuña.

Xesús é a vide, a cepa, o tronco e a raíz; o Pai é o labrador; e nós os bacelos, as videiras, as ramas chamadas a dar froito.

LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Chegado Saulo a Xerusalén, procuraba xuntarse cos discípulos; pero todos lle tiñan medo, non crendo que fose discípulo de verdade. Pero Bernabé, colleuno consigo e levouno onda os apóstolos. Saulo contoulles que vira o Señor no camiño, que lle falara e que en Damasco predicara publicamente no nome de Xesús. Conviviu con eles en Xerusalén, predicando con ousadía no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, pero estes querían matar. Ao sabelo, os irmáns levárono para Cesarea e fixérono seguir a Tarso.

Daquela, a Igrexa tiña paz en toda a Xudea, Galilea e máis Samaría. Crecía coma un edificio, progresaba na fidelidade ao Señor e coa asistencia do Espírito Santo ía aumentando en número.

Palabra do Señor

♪ 43 *Quen nos vai separar de ti* SALMO

(en pé) Xn 10, 11-18 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. O bacelo que en min non leva froito, arríncao; e o que leva

froito, pódao, para que leve máis froito aínda.

Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado. Permanecedes en min e eu en vós.

Así como a rama non pode levar froito pola súa conta, se non permanece na vide, vós tampouco, se non permanecedes en min.


Eu son a vide; vós os sarmentos. Quen permanece en min e eu nel, ese leva froito abondoso, pois fóra de min non podedes facer nada. Se alguén non permanece en min, é coma as ramas arrincadas fóra, que secan; apáñanas, bótanas no lume e arden. Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer.

Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

"EU SON A VIDE



E VÓS AS VIDEIRAS"

Nestas semanas estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana imos ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante

Hoxe o signo é PASCUA NA AUGA VIVA, na que nos dá Xesús, a nosa cepa para que sexamos as súas testemuñas neste momento difícil que estamos a vivir.

Este don do ceo que Deus nos dá gratuitamente é o que nos dá vida e folgos, para que poidamos transmitir a mensaxe de Xesús dunha forma clara e sinxela que poida chegar a todos.

Pero esa Vida que hai na auga da Palabra de Xesús esixe de nós responsabilidade: as nosas palabras teñen que ir acompañadas de feitos, senón non teñen ningún valor: As palabras sen feitos non as cre ninguén.

Pidamos ao Señor que nos dea da súa auga para ter vida e transmitir vida.

PASCUA NA AUGA VIVA

Signo de Vida



A auga é vida

Farta a túa vida na fonte que é Xesús

A auga non coñece nin se identifica con ningunha raza, cultura, etnia ou relixión. A auga é algo sagrado, porque é un don do ceo, é un agasallo gratuito, porque sen auga non é posible a vida.

A auga refréscanos, límpanos, dános vida. A auga recórdanos a transparencia, a claridade, a inmensidade. Na auga hai Vida.



Xn 4, 14

A auga que El nos dá, convértese na fonte que non se agota.





Dinos Xesús:
Eu dareivos AUGA VIVA

"Señor, dame esa auga: así non terei máis sede."



Xesús é Auga
Xn 4, 6-42

Sen auga, a vida morre de sede.

Temos nas nosas mans a obriga de coidar a natureza facendo un uso responsable e digno da auga.

A auga é o Espírito



Son o comezo.

(en pé) **PROCLAMAMOS A NOSA FE**
Celebrante Neste tempo da Pascua, desexando recibir e transmitir a AUGA VIVA da fe que recibimos no bautismo, antes de proclamar o credo renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal

- **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?
Si, estamos dispostos
- **Estades dispostos** a loitar contra o que nos aparta de Deus e fíre aos irmáns e á terra?
Si, estamos dispostos
- **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a insolidariedade e a envexa?
Si, estamos dispostos

Celebrante Deixándonos quecer á beira do lume da fe, renovamos agora o noso credo: o da esperanza, o da Palabra, o da VIDA en Cristo Resucitado.

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima e nos dá folgos co seu corazón cheo de vida e tenrura para todos?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a facer ben, acollendo e dando unha man para COIDAR e mellorar a vida de cada muller e cada home?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo mellor COIDADADO e que nos alenta forza para estar á beira de quen se sente inxustamente tratado?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en cada fogar, dando unha man para facer do mundo e da natureza casa común na que todos os homes e mulleres merecen dignidade e respecto?

SI, CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *En igrexa de fogar, sentindo viva en Xesús a Palabra de Deus, dirixímoslle a El as nosas voces coas que queremos facernos cribles; dicimos*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

✓ Señor, queremos rezar por nós, que estamos aquí compartindo, celebrando e vivindo o Evanxeo; que o saibamos converter en camiño, verdade e vida para as persoas quen están soas, cansas ou cheas de incertezas, oremos

✓ Señor, rezamos por todas as nais. Cando romperon AUGAS déronnos á vida, e nos seus colos, e coas súas bágoas, e co seu ser NAIS, ensináronnos o valor da responsabilidade e da preocupación por todos, oremos

✓ Señor, lembramos a todas as persoas que damos vida a esta nosa terra, que sempre nos sintamos orgullosos da nosa fala, da nosa cultura, do noso ser de Galiza, oremos

✓ Polos traballadores e traballadoras que nestes días miran o seu futuro con moi pouca esperanza, oremos

✓ Polas persoas que teñen responsabilidade no mundo social, para que teñan atrevemento para facelo mellor do que se ten feito ata o día de hoxe, oremos

Celebrante *Señor, Ti es FONTE DE VIDA. Que saibamos escoitar a túa Palabra e recoñecerte na igrexa do fogar, que se fai crible na luz do Evanxeo. Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante:

Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. El é a fonte da AUGA VIVA; tratemos de rezar agora pensando como soaría cando os nosos pais nos levaron a bautizar:

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante:

PAZ CONVOSCO é o saúdo do Resucitado. Hoxe o signo da paz neste momento quere mostrar que todos nós formamos unha familia unida nos sentimentos que nos transmite a fe. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa paz e esa esperanza que nos desexamos.

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: *Da man dos Apóstolos botaba a andar a primeira comunidade dando testemuño da Resurrección.*

Nós, que formamos parte desa comunidade, queremos tamén ser AUGA na nosa terra e facer VIVA a nosa sociedade dende a responsabilidade e a unión con Cristo Vide que nos fai participar na súa vida.

Ditosos nós que hoxe somos convidados a faltar en Cristo a nosa sede de VIDA.

CANTO 🎵 *No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: *Pai santo, acóllesnos coma os teus fillos e fillas, e así o celebraron os nosos pais cando fomos bautizados. Agora, nesta pandemia, temos sede de vida, de traballo, de encontro, de bicos e abrazos; axúdanos a non volver ao de antes, ao que nos trouxo ata o que hoxe estamos a vivir; que a volta a “normalidade” sexa unha volta a unha nova vida, máis responsable, máis ecolóxica, máis solidaria, máis e mellor cristiá. Pedímoscho por Cristo noso Señor. Amén.*

Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición. Amén

Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna. Amén

Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo. Amén

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*




**Bendito ti, Xesús resucitado
coas feridas da lanza e mais os cravos.
Bendito para sempre ti es loado,
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá
e no cantar do paxaro ao espertar.
Bendito na auga fresca e rebuldeira
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece
o duro traballar coa súa anada,
bendito na esperanza que se esforza
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84
do noso cancionero de Os Cotos)*

ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA